

ANEXO

Provincia: A Coruña.
 Concello: A Coruña.
 Localidade: A Coruña.
 Enderezo: estrada dos Fortes s/n.
 Denominación: centro privado Calasanz-PP Escolapios.
 Titular: Padres Escolapios.
 Código do centro: 15004010.
 Nivel: educación infantil.
 Unidades de que constaba: 8.
 Unidades novas autorizadas: 1.
 Composición resultante:
 Educación infantil: 9 unidades.
 Educación primaria: 18 unidades.
 Educación secundaria:
 12 unidades de educación secundaria obrigatoria.
 6 unidades de bacharelato das modalidades de ciencias da natureza e da saúde, humanidades e ciencias sociais e a de tecnoloxía.

Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007, convocados pola Orde do 10 de maio de 2006.

A Orde do 10 de maio de 2006 pola que se convocan plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007, establece o procedemento para a súa concesión.

De acordo co punto noveno da orde, unha vez estudadas pola comisión de selección as solicitudes presentadas, feita a proposta provisional de resolución e vista a acta coa proposta definitiva da comisión de selección,

RESOLVO:

Primeiro.-Seleccionar para a execución de plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007 os centros educativos que figuran no anexo a esta orde, e conceder para a súa realización as contías que nel se recollen no mesmo.

Segundo.-Contra a resolución publicada nesta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
 Conselleira de Educación e Ordenación
 Universitaria

ANEXO

Centros seleccionados

NOME CENTRO	CODIGO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	ORZAMENTO CONCEDIDO	HORAS INNOVACION RECOÑECIDAS
CEIP MARIA BARBEITO	15019311	A CORUÑA	A CORUÑA	3.000 euros	30
IES AGRA DO ORZAN	15005233	A CORUÑA	A CORUÑA	3.000 euros	30
CEIP VICTOR LOPEZ SEOANE	15021536	A CORUÑA	A CORUÑA	4.000 euros	30
CEIP SANJURJO DE CARRICARTE	15005026	A CORUÑA	A CORUÑA	1.500 euros	30
CEIP DE VENTIN	15025220	AMES	A CORUÑA	2.000 euros	30
CEIP SAN LUIS ROMERO	15005223	CARBALLO	A CORUÑA	2.500 euros	30
CEIP EUGENIO LOPEZ	15003248	CEE	A CORUÑA	2.500 euros	30
IES RAMON CAAMAÑO	15027927	MUXIA	A CORUÑA	4.500 euros	30
IES AS TELLEIRAS	15025268	NARON	A CORUÑA	1.500 euros	30
IES TERRA DE TRASANCOS	15026455	NARON	A CORUÑA	1.000 euros	30
CEIP A GANDARA	15022310	NARON	A CORUÑA	2.000 euros	30
IES POETA AÑON	15027976	OUTES	A CORUÑA	2.500 euros	30
CEIP DE VITE I	15021883	SANTIAGO DE C.	A CORUÑA	2.000 euros	30
CPI DE ATIOS	15018148	VALDOVIÑO	A CORUÑA	2.500 euros	30
IES ALFOZ-VALADOURO	27016649	ALFOZ	LUGO	3.500 euros	30
LUIS DIAZ MORENO	27007958	BARALLA	LUGO	2.000 euros	30
IES FONTEM ALBEI	27014811	FONSAGRADA, A	LUGO	1.500 euros	30
IES DE FOZ	27020562	FOZ	LUGO	2.500 euros	30
IES LEIRAS PULPEIRO	27016704	LUGO	LUGO	4.000 euros	30
IES SANXILLAO	27016455	LUGO	LUGO	3.000 euros	30
IES RIO CABE	27007259	MONFORTE DE LEMOS	LUGO	2.000 euros	30
IES PALAS DE REI	27016352	PALAS DE REI	LUGO	3.000 euros	30
CEIP STA. Mª DO VALADOURO	27012826	VALADOURO, O	LUGO	2.500 euros	30
CEIP A. PEDROSA LATAS	27013387	VIVEIRO	LUGO	1.500 euros	30
CEIP CURROS ENRIQUEZ	32003771	CELANOVA	OURENSE	2.000 euros	30
CPI DE PADRENDA	32015177	PADRENDA	OURENSE	3.000 euros	30
IES CARLOS CASARES	32016777	VIANA DO BOLO	OURENSE	4.000 euros	30
IES AQUIS CELENIS	36016127	CALDAS DE REIS	PONTEVEDRA	3.000 euros	30

NOME CENTRO	CODIGO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	ORZAMENTO CONCEDIDO	HORAS INNOVACION RECONECIDAS
IES MONTE CARRASCO	36018501	CANGAS	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
CRA ANTIA CAL	36018987	GONDOMAR	PONTEVEDRA	2.000 euros	30
IES DE MEAÑO	36020301	MEAÑO	PONTEVEDRA	4.000 euros	30
EI O CON	36016814	MOAÑA	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
IES DE MOS	36020131	MOS	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
CEIP DE LOURIDO	36015202	POIO	PONTEVEDRA	2.000 euros	30
IES DE PONTE CALDELAS	36020313	PONTE CALDELAS	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
CEIP NOSA SRA. DOS REMEDIOS	36007497	PONTEAREAS	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
IES PEDRA DA AUGA	36014520	PONTEAREAS	PONTEVEDRA	1.000 euros	30
CEIP DE PONTE SAMPAIO	36006778	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
CEP DE REDONDELA	36007710	REDONDELA	PONTEVEDRA	2.000 euros	30
CRA DE RIBADUMIA	36024616	RIBADUMIA	PONTEVEDRA	4.000 euros	30
CRA MESTRA CLARA TORRES	36024112	TUI	PONTEVEDRA	3.000 euros	30
IES DE VALGA	36020362	VALGA	PONTEVEDRA	1.500 euros	30
IES CORUXO	36019426	VIGO	PONTEVEDRA	3.500 euros	30
CEIP BALAIOS	36015068	VIGO	PONTEVEDRA	2.000 euros	30
IES RICARDO MELLA	36017430	VIGO	PONTEVEDRA	2.000 euros	30
CEIP A LOMBA	36012407	VILAGARCIA DE AROUSA	PONTEVEDRA	3.000 euros	30

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 14 de setembro de 2006 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas durante o exercicio 2006 ao abeiro das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega que superen os 300.000 euros de subvención.

Mediante Resolución do 11 de marzo de 2005 publicouse a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega (DOG número 58, do 28 de marzo). As mencionadas bases teñen como obxectivo prioritario a procura da mellora competitiva da pequena e mediana empresa.

A base 14 das ditas bases establece que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas para aqueles proxectos que superen os 300.000 euros de subvención.

As ditas axudas serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 02.02.11/03/01.656800 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios, que figura como anexo, das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega que superen os 300.000 euros de subvención.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

ANEXO

Nº expediente: AF003.2005.1.9.

Nome/razón social: *Asoc. Prov. de Restauración de Santiago de Compostela.*

Data resolución: 30-3-2006.

Importe subvencionable (euros): 740.927,46.

Subvención (euros): 345.372,30.

Emprego que se vai crear: 0.

Nº expediente: AF003.2005.1.21.

Nome/razón social: *Federación Prov. de Empresarios de Hostelería.*

Data resolución: 30-3-2006.

Importe subvencionable (euros): 845.932,42.

Subvención (euros): 426.940,21.

Emprego que se vai crear: 0.

Resolución do 27 de setembro de 2006 pola que se fai pública a modificación dos créditos das bases reguladoras das axudas do Igape á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo.

Mediante Resolución do 17 de febreiro de 2006 (DOG nº 40, do 27 de febreiro) fixéronse públicas as bases reguladoras das axudas do Igape á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2006 en concorrencia competitiva.

Na devandita resolución establecíanse os créditos asignados a cada un dos apoios establecidos nas bases. Resultos os expedientes constatase que existe un orzamento sobranante nas partidas 02.02.18/03/01 e 02.02.18/04/01 e que existe unha elevada demanda nas partidas 02.02.18/01/01 e 02.02.18/02/01.